

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DO PORTO DO SON PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE LEGALIZACIÓN E MELLORA DA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN DO CENTRO DE DÍA DO PORTO DO SON, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU

Primeiro.- Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora da calidade da atención prestada nos centros residenciais de persoas maiores. Esta mellora require contar con equipamentos e medios materiais axeitados, seguros e adaptados ás necesidades actuais das persoas usuarias, especialmente cando se trata de persoas en situación de dependencia ou con necesidades de apoio para a mobilidade, o aseo, o transporte, o confort e as actividades básicas da vida diaria.

Segundo.- Identificación da entidade beneficiaria

O Concello do Porto do Son é unha entidade local galega que desenvolve competencias propias en materia de servizos sociais, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Así mesmo, figura inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E0439, de conformidade co previsto no artigo 66 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.



O Centro de Día do Porto do Son constitúe un recurso municipal destinado á atención diúrna de persoas maiores e persoas en situación de dependencia. O centro presta apoio a persoas que precisan atención durante o día, favorece a súa permanencia no contorno habitual e contribúe ao descanso e apoio das súas familias.

Terceiro.- Necesidade das actuacións

A atención diaria nun centro de día require contar con instalacións en bo estado e cunhas condicións adecuadas de ventilación, climatización, seguridade e confort.

A documentación técnica presentada polo Concello do Porto do Son identifica a necesidade de legalizar e mellorar a instalación existente de climatización e ventilación do Centro de Día do Porto do Son, situado no lugar de Agueira s/n. A actuación deriva dos requirimentos detectados na inspección técnica da instalación, na que se puxo de manifesto a necesidade de legalizar as bombas de calor existentes, corrixir o illamento e o cableado eléctrico en mal estado e incorporar un equipo de recuperación de calor para dar cumprimento á normativa aplicable.

Cuarto.- Actuacións a financiar

A actuación obxecto do convenio consiste na execución de obras, instalacións, subministracións e servizos necesarios para a legalización e mellora da instalación existente de climatización e ventilación do Centro de Día do Porto do Son, de acordo co detalle recollido no anexo I do convenio.

As actuacións previstas inclúen, por unha banda, a legalización das bombas de calor existentes e as actuacións técnicas necesarias para resolver os requirimentos derivados da inspección da instalación.

Por outra banda, inclúese a mellora da instalación de ventilación e climatización mediante a instalación dun equipo recuperador de calor, a execución da rede de condutos necesaria, a colocación de sondas de calidade do aire, extractores, condutos circulares e reixas de extracción.

Así mesmo, corrixirase os elementos deteriorados da instalación, especialmente a substitución do cableado eléctrico en mal estado dun equipo de bomba de calor, co fin de garantir a seguridade e o correcto funcionamento do sistema.



As obras, instalacións, subministracións e servizos financiados deberán destinarse exclusivamente ao Centro de Día do Porto do Son e quedar afectos á finalidade subvencionada durante o período que resulte exixible conforme á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Finalidade da subvención

A finalidade da subvención é mellorar as condicións de climatización, ventilación, seguridade, eficiencia enerxética, salubridade e confort do Centro de Día do Porto do Son.

Con este proxecto preténdese corrixir as deficiencias detectadas na instalación, regularizar a súa situación técnica e administrativa e mellorar a calidade ambiental interior do centro, en beneficio das persoas usuarias e do persoal que presta servizo nel.

Sexto.- Interese público e social

O interese público e social da actuación vén dado pola finalidade das obras, instalacións, subministracións e servizos previstos, dirixidos a mellorar o Centro de Día do Porto do Son. Trátase dun recurso municipal no que se atende a persoas maiores e persoas en situación de dependencia, algunhas delas con necesidades de apoio no seu día a día. Por iso, a mellora da climatización, da ventilación, da seguridade da instalación e da calidade ambiental interior permite reforzar o confort, a salubridade e a calidade da atención prestada. Ademais, a existencia de prazas públicas constitúe o criterio obxectivo que determina o interese público da intervención e a súa vinculación co sistema público de servizos sociais.

Sétimo.- Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa

A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A actuación obxecto deste convenio non pretende configurar unha liña xeral de axudas para actuacións de climatización ou ventilación en centros de titularidade municipal, nin seleccionar entre distintas propostas alternativas. O que se persegue é dar resposta a unha necesidade concreta do Centro de Día do Porto do Son, previamente identificada e xustificada polo Concello mediante a correspondente memoria técnica.



Por iso, a concorrência competitiva non resulta o instrumento máis axeitado neste caso, xa que o financiamento se dirixe a unha actuación singular, delimitada técnica e economicamente, sobre un recurso residencial público municipal determinado, co obxectivo de mellorar a seguridade, a accesibilidade, a habitabilidade e o benestar das persoas maiores usuarias.

Décimo.- Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.

A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos” e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

Décimo primeiro.- Financiamento

O importe íntegro da actuación ascende a trinta e nove mil novecentos cincuenta e un euros con setenta e catro céntimos, (39.951,74 €) . A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o seu importe íntegro con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.760.0, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.



A subvención limitárase ao financiamento dos gastos correspondentes ás obras, instalacións, subministracións e servizos previstos no convenio e no seu anexo. En ningún caso poderá supoñer beneficio económico para o Concello do Porto do Son nin superar o custo da actuación subvencionada.

Por todo o exposto, considérase xustificada a formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello do Porto do Son, para canalizar unha subvención directa destinada á execución do proxecto de legalización e mellora da instalación de climatización e ventilación do Centro de Día do Porto do Son, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

